

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN  
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11 DE DECEMBRO DE 2014.**

**Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**Concelleiros:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 49 DE DATA 24 DE NOVEMBRO DE  
2014 E NÚM. 50 DE DATA 1 DE DECEMBRO DE 2014.**

Acordouse aprobar as actas núms. 49/2014 e 50/2014 correspondentes ás sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 24 de novembro de 2014 e 1 de decembro de 2014 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRAS.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA** licenza de obra para transformador e liña asociada para o seu



Secretaría Xeral

**funcionamento (ampliación da licenza de obra concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de 24/02/14), conforme ao proxecto de acondicionamento de dependencias do Pazo de Liñares para centro de xestión do coñecemento arqueolóxico de Lalín.**

**2.2.-** Acordouse **CONCEDER licenza de obra para construción de taller de troceado e almacén de leña no lugar de Hermida nº 22 na parroquia de Filgueira, de Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 836,78 euros.

**2.3.-** Acordouse conceder licenza de obra para Centro de Fisioterapia en r/C, nº 43, baixo, de Lalín, Expte. 6146/10 e aprobar a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 296,03 euros.

**2.4.-** Acordouse **CONCEDER A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A, licenza de obra** para instalación de rede de baixa tensión subterránea na Avda. Rodeiro (Nº SGD 248310040102) e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 95,03 euros.

### **3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**3.1.-** Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista **SYMATEC, S.L.**, o contrato administrativo denominado **“SERVIZO DE LIMPEZA DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS” (CSE072013)**. Esta prórroga terá unha duración dun (1) ano, e en consecuencia, estenderase desde o día 3 de xaneiro de 2015 ata o día 2 de xaneiro de 2016.

**3.2.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 33.000,00 € (IVE incluído), con destino á realización das obras denominadas **“MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO DA ANTIGA BIBLIOTECA MUNICIPAL”**, e contratar coa empresa **AREÁN DEL DEZA, S.L.**, a realización das citadas obras no prazo máximo de dous meses, e nomear director de obra e Coordinador de Seguridade e Saúde das obras.

**3.3.-** Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra **“AGLOMERADO EN RÚA F, PINTOR LAXEIRO E RÚA MOLINERA” (CO072014)** redactado pola empresa **Construcciones Leonardo Miguélez S.L.**



#### **4.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

**4.1.-** Acordouse autorizar a sinatura dun convenio coa **ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS** e outro co **CENTRO COMERCIAL ABERTO-ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA** a efectos do desenvolvemento dun programa de promoción para un sector estratéxico como é o sector do Comercio, con accións que potencien a súa dinamización no período do Nadal, e autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.000 euros para a Asociación da Praza de Abastos e de 4.000 euros para o Centro Comercial Aberto-AED, para cubrir gastos esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, imputable á partida orzamentaria correspondente.

#### **5.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**5.1.-** Acordouse proceder á devolución e cancelación da fianza presentada pola empresa **R. Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.**, depositada na Tesourería Municipal polo importe de **500 euros**, como garantía para responder da obra de canalización na rúa Molinera esquina Avda Ramón Aller, 28, Lalín.

**5.2.-** Acordouse proceder á devolución e cancelación da fianza presentada pola empresa **R. Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.**, depositada na Tesourería Municipal polo importe de **1000 euros**, como garantía para responder da obra de colocación de armario na rúa Molinera esquina Avda Ramón Aller, 38, Lalín.

**5.3.-** Acordouse proceder á devolución e cancelación da fianza presentada por **D<sup>a</sup>. María Dolores Riádigos Otero**, depositada na Tesourería Municipal polo importe de **1000 euros**, como garantía para responder das obras de reparación de humidades en edificio rúa Principal, 40, Lalín.

#### **6.- FACTURAS E CONTAS.**

**6.1.-** Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, **a Xunta de Goberno Local**, acordou aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **49.148,02 €**.



Secretaría Xeral

**6.2.-** Acordouse aprobar a liquidación practicada á empresa **COPCISA, S.A**, polo imposto sobre construcións, instalacións e obras “*Nave Viveiro de Empresas*”, por importe de 14.340 euros.

## **7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**7.1.-** Acordouse reintegrar a un funcionario a cantidade de 16,22 euros, correspondente o 50 % do gasto farmacéutico realizado (32,43 euros).

**7.2.-** Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 126,50 euros, desagregada en:

- 92,82 euros á empresa Gas Natural Fenosa.
- 33,68 euros a aboar á empresa Espina y Delfín, S.L, con CIF B-15026693.

**7.3.-** Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade, por importe total de 72,29 euros a abonar á empresa Gas Natural.

**7.4.-** Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade, que será aboada en efectivo.

**7.5.-** Acordouse reintegrar ao Sr. Alcalde do Concello de Lalín, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo, por un importe total de 429,75 €, de acordo cos xustificantes achegados.

Así mesmo, acordouse reintegrar ao Concelleiro delegado de Deportes, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo, por un importe total de 136,40 €, de acordo cos xustificantes achegados.

**7.6.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de **NOVEMBRO de 2014** por importe total de 4.424,09 €, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de NOVEMBRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 23.003,95 € segundo o seguinte detalle:



-Ingresos totais cobrados pola concesionaria, NOVIEMBRE 2014 (IVE incluído) (Concepto de ingresos 341.00).	4.424,09 €
-Custo do servizo mes de NOVIEMBRE 2014 (IVE incluído) . (aplicación presupostaria de gasto: 233.22799.05)	27.428,04 €
-Resultado da liquidación (IVE incluído).	23.003,95 €

**7.7.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza, correspondente ao mes de NOVIEMBRE de 2014, por importe total: 509,24 €, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza, prestado durante o mes de NOVIEMBRE do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 4.204,42 €, segundo o seguinte detalle:**

-Ingresos totais cobrados pola concesionaria, NOVIEMBRE 2014. (IVE incluído) (Concepto de ingresos 341.00).	509,24 €
-Custo do servizo mes de NOVIEMBRE 2014 (IVE incluído). (aplicación presupostaria de gasto: 233.227.99.04).	4.713,66 €
-Resultado da liquidación (IVE incluído).	4.204,42 €

**7.8.-** Acordouse, en relación á Ordenanza reguladora das licenzas de primeira utilización no termo municipal de Lalín, interpretar que para a obtención da licenza de primeira ocupación ou utilización, os solicitantes deberán aportar, ademais dos documentos esixidos no citado artigo 5 da ordenanza, certificacións expedidas polas entidades subministradoras correspondentes, nas que conste que as obras, instalacións e/ou actuacións executadas resultan aptas e suficientes para que sexan correctamente prestados os subministros daqueles servizos previstos polo proxecto técnico no que se baseou a licenza urbanística.

**7.9.-** En relación á xustificación da subvención concedida ao Concello de Lalín por importe de **125.318,58 €** ao abeiro da *ORDE do 29 de abril de 2014 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrenza non competitiva e da liña en concorrenza competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia*, na súa liña de concorrenza non competitiva acordouse declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida dita subvención, ***“Melloras en sistemas de depuración en zona rural e acondicionamento***



Secretaría Xeral

**paseo fluvial Pontiñas**”, e aprobar a conta xustificativa de dita subvención.

**7.10.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de contratación de 17 peóns correspondentes ao PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2014 por importe de 68.591,92 €, cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

**7.11.-** Acordouse realizar a demolición da construción da obra da rúa do Areal separando e retirando os residuos que non sexan inertes (plásticos, metais, etc) que poidan ser xestionados ou entregados á xestores autorizados e autorizar o emprego destes residuos de construción ou demolición na restauración de espazos ambientalmente degradados, obras de acondicionamento ou recheo de camiños cando se cumplan os requisitos legais de uso, tal como recolle o informe técnico.

**7.12.-** Acordouse recoñecer a obriga de pagamento da cantidade de 8.019,20 euros á Deputación de Pontevedra, polo servizo de recollida de Animais Abandonados do ano 2014 conforme ao convenio asinado con esta entidade e de acordo co informe do Técnico de Medio Ambiente.

**7.13.-** Acordouse traspasar o importe de 588,55 euros correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva das cantidades adeudadas á **Xunta de Compensación da Área de Reparto 29**, se ben constando na tesourería municipal unha dilixencia de embargo de calquera dereito de contido económico que teña que percibir a citada Xunta de Compensación traspasar a citada cantidade a favor da Deputación Provincial de Pontevedra.

**7.14.-** Acordouse traspasar o importe de 1.118,51 euros correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva polo ORAL das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo Municipal de Augas do Concello de Lalín.

**7.15.-** Vista a proposta do **Sr. Concelleiro Delegado de Facenda**, na que expón que en relación coa xustificación da, convocadas pola Resolución do 30 de abril de 2014 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

E aos efectos de complementa-la xustificación e consecuente conta xustificativa aprobada na Xunta de Goberno Local de 17 de novembro de 2014.

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:**

**Primeiro.-** Incluír o custo correspondente á mensuralidade de novembro imputable á subvención concedida ao Concello de Lalín ao abeiro, da resolución do 7 de outubro de



Secretaría Xeral

2014, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se resolven as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, por importe de 7.379,56 euros derivados do PROGRAMA CIM do exercicio 2014, e declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida dita subvención e se desenvolveron as actividades relacionadas coa mesma.

## **8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**8.1.-** Acordouse solicitar un informe a Inspección de Obras e Servizos para que confirme os extremos recollidos na denuncia presentada pola empresa EULEN, S.A, na que poñen en coñecemento deste Concello de Lalín que se detectaron anomalías durante a execución do actual servizo de xardinería do servizo de mantemento das zonas verdes, parques, xardíns e arbolado do Concello de Lalín adxudicado a empresa UTE Plantadeza, S.L-Xardíndeza, S.L.

**8.2.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado neste Concello polo titular da licenza de taxi nº 14, no que comunica que o vehículo que quedará adscrito á mesma é o turismo marca VOLKSWAGEN CADDY, con matrícula 1487-JBD, e acódase anotalo no libro rexistro.

**8.3.-** Acordouse nomear á técnica municipal D<sup>a</sup>. María Brea Mella como usuaria da plataforma *Rtaxi* do Concello de Lalín.

**8.4.-** Acordouse aceptar as condicións de pago recollidas na modificación da resolución Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en relación ao proxecto denominado “Equipamento local social de Goiás. Aula de informática”.

=====

